



CAMILO NOGUEIRA
A diversidade nacional e a
sentenza do Constitucional

"Hai que crír as condicións institucionais e materiais que, impulsen a Galiza como una nación na Europa e no mundo". **Páxina 6**



XOSÉ MANUEL BEIRAS
Sonata cuase fantasía
para Xosé Luis de Dios

"Veracidade, integridade, dignidade, afectividade, solidariedade: velaí os primordiais valores profesados e practicados por Xosé Luis. Sempre humildemente". **Páxina 3**

Carencias afectivas en moitos alumnos das 'escolas canguro'

Os directores alertan dos perigos de 'aparcar' os rapaces nos centros, soportando pesadas xornadas de até doce horas. **Páxinas 16 e 17**

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

PARQUES CON 2.800 HORAS ANUAIS DE VENTO ESTUDAN PRODUCIR SEN AGARDAR POLA PRIMA DO GOBERNO

Alguns adxudicatarios dos 2.325 MW valoran pedir xa a Madrid as autorizacións sen esperar polas preasignacións do ano 2013 **Páx. 8**



TRANSFORMAR GALICIA DENDE OS CONCELLOS, RETO DO PSDeG NOS COMICIOS LOCAIS DO 2011

Os socialistas galegos quentan motores para chegar ben situados ás eleccións municipais do ano próximo. En presenza dos ministros Leire Pajín e Francisco Caamaño, Pachi Vázquez pediu-lles aos cargos orgánicos do PSDeG "compromiso, traballo e esforzo" para conseguir transformar Galicia dende os concellos. **Páxina 10**



Mercedes Peón, artista

"O mundo vai por vieiros moi pouco ecolóxicos"

LEGER / Caderno central



F. Martínez, guerrilleiro

'Quico', último supervivente dos maquis, volve á casa

Páxina 32



Míguez Poza, maxistrado

"A situación da Xustiza aquí é moi mala, como no resto"

Páxinas 12 e 13

PENITENCIARIAS
(oposición)

Reunión informativa
25 de novembro a las 17:00 hs.

Academia POMBA
Gómez Ulla, 14 - Santiago
Teléfono: 981 576 590

Outra exposición para inaugurar a Cidade da Cultura

O vindeiro xoves será inaugurada *Ex libris. Dous libros de Galicia*, unha mostra que se exhibirá no Arquivo do Gaiás. **Páx. 35**



A igrexa Ortodoxa rexeita perdoar a Lev Tolstói

Cúmprese o centenario da morte dun escritor que sentou as bases da novela contemporánea. **Páx. 34**

A Fundación Bautista Álvarez repasa a historia do galeguismo



Lois Diéguez participa nas xornadas cunha crónica do papel do nacionalismo galego durante a Transición. **Páx. 35**

maré Hoxe

DOMINGO

21

mare@galicia-hoxe.com



Francisco Martínez 'Quico' nunha homenaxe recente (esquerda) e nunha fotografía de 1951, cando inicia a súa acción clandestina no exilio

O último maqui

Ten 85 anos, combateu contra o franquismo na guerrilla durante máis dunha década e a próxima semana estará en Melide para participar no seminario de Nova Escola Galega sobre os maquis. Francisco Martínez 'Quico' é o supervivente dunha época e dunha loita ao que o tempo –confesa– non lle amorteceu o seu espírito revolucionario.

Francisco Martínez Quico, un dos últimos superviventes da guerrilla contra o franquismo, asistirá ao I Seminario sobre a Memoria Os maquis na Vía Láctea, que se celebrará en Melide os próximos 26 e 27 de novembro. Quico participou activamente nas actividades guerrilleiras desde os dezasete anos, e conserva unha lucidez e axilidade física extraordinarias que lle permiten seguir sendo testemuña única no coñecemento e na análise dos maquis na súa loita contra a ditadura que instaurou o golpe de estado militar de 1936.

Quico, que actualmente reside en Alacant, aceptou a invitación da organización do seminario, Nova Escola Galega, para participar nas xornadas tanto na súa parte teórica como no percorrido de campo sobre o terreo no que se moveu a guerrilla na Ribeira Sacra.

Nacido en 1925 en Cabanas Raras (O Bierzo) no seo dunha familia campesiña, Quico uníuse aos guerrilleiros e entrou na clandestinidade armada en 1947. Foi membro da mítica guerrilla de Manuel Girón, que mantivo entre Galiza e León

unha inxente actividade de combate e propaganda até 1951 ano no que, nunha evasión chea de perigos, consegue penetrar en Francia, país onde se exilia e continúa as súas actividades antifranquistas.

O seminario comeza o 26 cunha conferencia de Carlos Parrado Garrera sobre O Curuxás, o guerrilleiro que Franco non cazou, en lembranza do último guerrilleiro da Ulloa. O programa inclúe tamén actividades en Chantada, onde se visitarán os escenarios onde actuaron os derradeiros maquis do país. ● A.R. LÓPEZ